

COMPROMISO COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

- Promover a súa inclusión social en todos os ámbitos da sociedade en plenitude de dereitos, fomentando e respectando a súa autonomía de decisión.
- Identificar e resolver necesidades non cubertas das persoas con discapacidade.
- Realizar proxectos innovadores que permitan mellorar a prestación de servizos para as persoas con discapacidade e ser referentes na súa prestación e, así mesmo, facilitar o acceso ás persoas con discapacidade aos recursos que necesitan, fomentando a igualdade de oportunidades.
- Conseguir métodos e ferramentas de xestión innovadores que permitan que sexamos máis eficaces e eficientes na prestación de servizos para persoas con discapacidade.
- Establecer as alianzas financeiras e técnicas necesarias para poder realizar proxectos innovadores que repercutan nunha mellor prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

COMPROMISO COAS FAMILIAS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

- Promover a mellora das súas condicións de vida.
- Identificar e resolver necesidades non cubertas das familias das persoas con discapacidade.
- Realizar proxectos innovadores que permitan mellorar a prestación de servizos para as familias das persoas con discapacidade e ser referentes na súa prestación e, así mesmo, facilitar o acceso ás familias das persoas con discapacidade aos recursos que necesitan.
- Conseguir métodos e ferramentas de xestión innovadores que permitan que sexamos máis eficaces e eficientes na prestación de servizos para as familias das persoas con discapacidade.
- Establecer as alianzas financeiras e técnicas necesarias para poder realizar proxectos innovadores que repercutan nunha mellor prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

COMPROMISO COAS ENTIDADES MEMBRO:

- Promover e facilitar no posible a información e asesoramento, os recursos especializados e os apoios que necesiten para o desenvolvemento das súas actividades de acordo con esta política.
- Realizar proxectos innovadores que permitan mellorar a prestación de servizos para as entidades membro e ser referentes na súa prestación.
- Conseguir métodos e ferramentas de xestión innovadores que permitan que as entidades membro sexan máis eficaces e eficientes.
- Concienciar e sensibilizar ás entidades membro sobre a importancia da innovación.
- Establecer as alianzas financeiras e técnicas necesarias para poder realizar proxectos innovadores que repercutan nunha mellor prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

COMPROMISO COAS PERSOAS PROFESIONAIS:

- Promover e facilitar a estrutura organizativa axeitada e os recursos para que poidan desenvolver o seu traballo de forma eficaz e eficiente e que lle permita desenvolverse persoal e profesionalmente.
- Propiciar e fomentar entre o cadro de persoal de COGAMI o compromiso coa política de innovación de xeito que sexa considerada unha liña transversal da tarefa diaria e que se fomente a xeración de novas ideas individuais ou colectivas susceptibles de converterse en proxectos innovadores ou en metodoloxías de traballo máis eficaces e/ou eficientes.
- Proporcionar formación específica en innovación e creatividade a todas as persoas profesionais de COGAMI.
- Concienciar e sensibilizar sobre a importancia da innovación.

COMPROMISO COAS PERSOAS VOLUNTARIAS:

- Proporcionarlle unha formación continua e adecuada á actividade que vai a desenvolver a persoa voluntaria.

- Analizar e canalizar as propostas das persoas voluntarias sobre actividades ou proxectos de voluntariado para incrementar o número de servizos dispoñibles de cara as persoas beneficiarias, proporcionándolles unha maior variedade de servizos e programas máis individualizados.

COMPROMISO COS FINANCIADORES:

- Manter unha comunicación fluída e constante.
- Xestionar con transparencia, eficacia e eficiencia os recursos proporcionados.

COMPROMISO COAS ENTIDADES COLABORADORAS:

- Establecer o marco adecuado para xerar sinerxías na prestación de servizos e no desenvolvemento de actividades dirixidas ás persoas con discapacidade de acordo ca misión de COGAMI.
- Xerar redes de apoios que defendan as demandas comúns ante a sociedade en xeral.

A dirección de GOGAMI comprométese a facilitar os medios necesarios ao seu alcance para lograr o establecido nesta política, asegurando a súa actualización, o seu entendemento e a súa difusión a todos os niveis. Esta política proporciona un marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos da calidade e da innovación da organización.